



DE BARRAÑÁN A AUGACAE

segredos ca costa de Arteixo

Adela Leiro, Mon Daporta
novembro 2018



Distancia: 8,5 km (ida e volta)

Dificultade: baixa



Unha parte do litoral de Arteixo é ben coñecido polas súas praias e outra gran parte porque se pode percorrer polo paseo que hai ata Barrañán, pero de Barrañán para diante, onde a costa comeza a elevarse e non hai acceso doado, onde o mar traballa con forza e só resisten as partes máis duras, mentres as débiles ceden ao seu empuxe, atopamos unha sucesión de puntas e seos que, polo sorprendentes ou polo espectaculares, son merecentes dunha visita. Ningún deles está sinalizado polo que hai que levar un bo mapa ou ben marcadas as posicións.



Praia de Barrañán



PERCORRIDO

Comezamos na **praia de Barrañán**, onde desauga o río, e desde alí e seguindo sempre os camiños ou as estradas máis achegadas á costa iremos atopando sucesivamente as **praias de Reiro**, a **punta Alta**, e entre ela e a **punta Redonda** o **porto da Bendición**, logo a enseada que acolle o **porto de Sorrizo**, no que se gardan as gamelas dos mariñeiros do lugar. Rodeando a enseada chegamos á **punta de Campelo** onde as rochas amosan as pegadas que deixou a natureza durante a súa formación e desenvolvemento, de ahí subimos á estrada e seguimos ata o lugar de Sorrizo no que seguindo a indicación de Caión collemos á dereita e no remate da subida outra vez á dereita por unha estradiña co indicador de estrada cortada e ao comezar a baixar despois das casa que atopamos ao pasar a curva temos un camiño á dereita que nos conduce ao espectacular furado da **punta da Torre**. De volta na estrada seguimos por ela ata o remate do asfalto e alí collemos o camiño que baixa ata o seu remate nun peche e alí o carreiro á esquerda que nos achega á beira do cantil da **enseada de Folgueiro** e un pouco máis adiante a **Augacae**, onde o **rego de Alvite** que veu cavando o seu val mentres se achegaba ao mar, atopa un obstáculo invencible para o seu pequeno caudal, o leito de rocha, e non lle queda outra que descolgarse por unha fermosa ferverza.

O percorrido de ida, con desvíos e voltas, chega aos 5,5 km, a volta, xa sen eles, anda nos 3 km.



Furnas na punta Alta

Praia de Barrañán, rego de Boedo e Pedras do Esteiro ou Pedras do Río. Un gran areal de case 2 km de lonxitude cun sistema dunar ben conservado. Forma un conxunto, separado por pequenos saíntes rochosos, coas pequenas praias de Combouzas e Santa Irene.



Praia de Reiro



Punta Alta



Vista desde a punta Alta cara a Barrañán e o monte Barbeito



Porto da Bendición, tamén chamado Salseadoiro das Bestas, por ser o lugar onde bañaban os cabalos para curarille as feridas. Pódense ver depósitos do Emiense (interglaciador de hai 140.000 anos) e furnas escavadas polo mar.



Furnas e praias fósiles no porto da Bendición



Punta Redonda



Porto de Sorrizo e praia de Porto Chas, entre Punta Ouriceira e punta do Campelo



Sedimentos fósiles na praia de Porto Chas: depósitos de coios procedentes de antigas correntes fluviais e restos dunha praia fósil.



Punta do Campelo. Destaca a presenza nas rochas de dobras nunha serie metamórfica de xistos, neises e migmatitas.



Enseada da Lobas, punta de Campelo As Martiñas.



Punta das Martiñas



Punta da Torre



Furna na punta da Torre.
Un pseudokarst formado por granitos
na parte superior e migmatitas na inferior.



Enxada de Lourido, esténdese entre a punta da Torre e a punta da Atalaia (Caión)



Punta da Torre e enseada de Folgueiro



Enxada de Folgueiro. Coído e cantil cun dique de seixo partido e inclinado.



Rego de Alvite ou de Augacae (deslinda o Concello da Laracha co de Arteixo). Desemboca no mar nunha pequena ferverza. Ao seu carón consérvanse os restos da cuba dun muíño. Na zona neis migmatizados e pegmatitas moi deformadas.